<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
8	Sorrí, por favor!	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planifica a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	PE	80
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Le de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartie a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Formula xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	Para todos os públicos	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Identifica e cuestiona prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima.	PE	80
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Le de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixa constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Comparte a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Incorpora procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas xenuínas.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
10	En realidade	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Recoñece e valora, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando repertorio léxico básico en lingua portuguesa.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	PE	80
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético, o uso do léxico tradicional e construcións morfosintácticas xenuínas.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Formula xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
11	O noso patrimonio	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	PE	80
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos dos diversos xéneros e estilos literarios.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identifica e aclara algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	TI	20
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Formula xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
12	A calquera idade	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a calidade.	PE	80
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Comparte a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Como se recolle nas disposicións legais que establecen o currículo da educación secundaria e do bacharelato en Galicia, a metodoloxía que seleccionará o profesorado para a impartición das súas materias deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos da aprendizaxe dos alumnos e das alumnas. A metodoloxía que se empregue irá encamiñada á adquisición das competencias clave e terá en conta a diversidade do alumnado cara a establecer estratexias didácticas que consideren os diferentes ritmos de aprendizaxe e as necesidades de cadaquén. Estas metodoloxías deberán potenciar a autonomía do alumnado e favorecer a súa capacidade de aprender por si mesmo.

Partirase, por parte do profesorado, dunha estratexia de traballo colaborativo, comezando polos membros do departamento entre eles e tamén co resto de compañeiros e compañeiras doutras materias. Fomentárase a posibilidade de realizar tarefas conxuntas e interdisciplinares, nas que se desenvolvan diversas competencias e poidan integrar con facilidade elementos transversais do currículo. A colaboración procurará ser especialmente activa co profesorado das outras materias de lingua (Lingua Castelá e Literatura, Inglés, Francés e Linguas Clásicas), traballando coa perspectiva do ensino de linguas nun currículo integrado.

Tendo en conta as premisas anteriores, concretáranse algunhas actuacións para o segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria, en que estamos. Unha vez máis, seguindo a lexislación, na etapa da ESO adoptárase unha práctica metodolóxica activa e participativa, favorecerase o traballo individual e cooperativo do alumnado. A lingua é un instrumento de comunicación social e o seu cultivo e estudo debe desenvolverse de xeito participativo con todo o colectivo escolar; isto implica que as estratexias metodolóxicas posuirán un claro perfil comunicativo, fuxirase da escoita pasiva e da recepción de contidos.

Nesta etapa prestarase unha atención personalizada ao alumnado para responder ás súas necesidades. Co fin de atender mellor os diferentes ritmos de aprendizaxe dos mozos e das mozas deste nivel, procurárase que o alumnado que presente máis dificultades de aprendizaxe reciba unha maior atención individualizada na aula por parte do/a docente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Lingua e Literatura 3 ESO. Obradoiro-Santillana. 2022.

Usarase un libro de texto para este nivel da educación secundaria obrigatoria, como guía do curso ou programación de referencia. Será o seguinte: Lingua e Literatura 3 ESO. Obradoiro-Santillana. 2022.

A actividade cotiá da aula contará co libro de texto como ferramenta máis inmediata e de referencia para o alumnado, pero non será, nin moito menos, o único material empregado. Manexaranse materiais variados que acheguen ao alumnado diferentes posibilidades de aproximación aos contidos e axuden a acadar os obxectivos propostos dun xeito significativo e duradeiro. En primeiro lugar, contarase coas Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC). En relación con este aspecto está o emprego frecuente da Aula Virtual Moodle dispoñible na páxina web do centro. Daráselle uso á biblioteca do centro, espazo que se aproveitará para traballos de investigación en grupo. Igualmente se introducirá ao alumnado no uso das bibliotecas virtuais.

Outro recurso importante nas aulas de lingua é o da prensa, tanto a prensa en papel como a dixital. Ademais, insístitase en que o uso didáctico da prensa estea presente en todos os niveis, co esforzo que supón atopar recursos destacables na prensa en papel, onde o emprego da lingua galega é, por desgraza, cada vez máis reducido.

Os recursos audiovisuais teñen unha presenza frecuente nas aulas do noso departamento desde hai moito tempo. O emprego de vídeos, gravacións orais e dialectais, musicais, películas (especialmente adaptacións literarias), obras de teatro gravadas será unha axuda básica, fundamentalmente para os bloques de comunicación e de literatura.

Non hai que esquecer o cómic, recurso que ademais forma parte dos contidos que se deben abordar en varios niveis, e que será traballado desde o enfoque lector e, tamén, creador. Para o traballo coa banda deseñada resultará imprescindible o recurso á biblioteca do centro, moi ben dotada de títulos de cómic en galego.

Non hai que esquecer que todo o anterior é só un exemplo: todos os recursos do centro e mesmo o seu contorno son aproveitables como posible material que nos facilite o coñecemento dos aspectos máis diversos; o concepto de material será, pois, o máis aberto, flexible e variado posible.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os procedementos establecidos polo Departamento de Lingua Galega e Literatura para acreditar os coñecementos previos son os seguintes:

-Observación do traballo do alumnado nas primeiras sesións.

-Actividades orais e escritas a partir de cuestións sobre textos incluídos no libro de texto e outros achegados polo profesor.

-Test de actitudes, hábitos e coñecementos xerais individualizado para cada nivel e facilitado xa na primeira ou na segunda sesión lectiva do curso.

-Probas escritas de avaliación inicial: baseadas na comprensión dun texto e con actividades variadas de comprensión e expresión relacionadas con el.

Á vista dos resultados do proceso, e de acordo cos órganos competentes, o departamento aplicará os protocolos de seguimento e reforzo académico para o alumnado que permaneza un ano máis neste terceiro curso de secundaria obrigatoria e para o que precise de reforzo e apoio como medidas de atención personalizadas. Para isto, contarase coa axuda do Departamento de Orientación e o profesorado de Pedagogía Terapéutica, que impartirá polo menos unha sesión de apoio fóra da aula. Neste curso contamos neste nivel con alumnado deste tipo: permanecen un ano máis no mesmo curso e precisan de reforzo. En principio, vista a avaliación inicial e os historiais académicos, non se considera realizar ningunha adaptación curricular.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	8	9	9	9	8	8	7	8	9
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	100
Proba escrita	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación establecidos polo Departamento de xeito unitario para a educación secundaria obrigatoria son os seguintes:

- a) Probas escritas 70%: en cada trimestre realizarase un mínimo dunha proba escrita; porén, se a dificultade ou extensión dos contidos o aconsellase poderase dividir en máis probas escritas.
- b) Traballo de lectura 10%: ao alumnado proporáselle a lectura dun libro por trimestre do que realizará un control de lectura ou, se o profesor o considera, un traballo no que dará conta de diversos aspectos da súa experiencia lectora.
- c) Expresión oral planificada 10%: o alumnado realizará en cada trimestre unha exposición sobre diferentes temas. Terase en conta o uso da lingua galega durante as clases. Empregarase unha rúbrica para avaliar as producións orais.
- d) Entregas de traballos e traballo de aula 10%: o alumnado realizará entregas de traballos durante cada avaliación; ademais, terase en conta o traballo diario de clase e a entrega de caderno.

Os libros de lectura trimestral para este curso de terceiro de secundaria obrigatoria son os seguintes:

1ª avaliación: Corredores de sombra. Agustín Fernández Paz. Edicións Xerais.

2ª avaliación: 22 segundos. Eva Mexuto. Edicións Xerais.

3ª avaliación: Unha estrela no vento. Leticia Costas. Edicións Xerais.

Respecto á cualificación final, esta será a media da cualificación obtida en cada avaliación sen redondeo, tendo en conta as recuperacións realizadas. Se estivesen suspensas as probas ordinarias e a recuperación, escollerase a nota máis alta das dúas para realizar a media da cualificación final.

Dado que a nota final do curso se obtén coa media das tres avaliacións, no caso de haber algunha avaliación que non se teña superado nas recuperacións, esta poderá ser compensada se a nota media xunto coas aprobadas permitise chegar ao 5.

Finalmente, se unha vez esgotadas todas as posibilidades anteriores algún alumno ou algunha alumna tivese suspensa unha única avaliación, poderá facer un exame nos últimos días de xuño para poder superar a materia.

Para valorar as faltas de ortografía nas producións escritas, distinguírase entre falta considerada leve, que descontará 0,1 puntos e unha falta considerada grave, 0,2 puntos. O desconto, no caso dos traballos e tarefas, non excederá do máximo outorgado a este apartado na táboa de valoración dos traballos e tarefas.

Criterios de recuperación:

O alumnado cualificado por debaixo de 5 na avaliación realizará unha proba escrita de recuperación da parte avaliada correspondente ás probas escritas do trimestre anterior.

Respecto á cualificación final, esta será a media da cualificación obtida en cada avaliación sen redondeo, tendo en conta as recuperacións realizadas. Se estivesen suspensas as probas ordinarias e a recuperación, escollerase a nota máis alta das dúas para realizar a media da cualificación final.

Dado que a nota final do curso se obtén coa media das tres avaliacións, no caso de haber algunha avaliación que non se teña superado nas recuperacións, esta poderá ser compensada se a nota media xunto coas aprobadas permitise chegar ao 5.

Finalmente, se unha vez esgotadas todas as posibilidades anteriores algún alumno ou alumna tivese suspensa unha única avaliación, poderá facer un exame nos últimos días de xuño para poder superar a materia.

Para valorar as faltas de ortografía nas producións escritas, distingúese entre falta considerada leve, que descontará 0,1 puntos e unha falta considerada grave, 0,2 puntos. O desconto, no caso dos traballos e tarefas, non excederá do máximo outorgado a este apartado na táboa de valoración dos traballos e tarefas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesorado do nivel e o Departamento de Lingua Galega e Literatura realizarán un seguimento especial do alumnado con materias pendentes. Nos cursos da ESO, este alumnado estará baixo a supervisión e titorización do profesorado do departamento que imparta a materia de Lingua e Literatura Galega no grupo en que figure o alumno ou a alumna coa materia pendente do curso anterior. O profesorado facilitará unha serie de tarefas e probas escritas para que o alumnado reforce os coñecementos e poida recuperar a materia pendente nos prazos que marque.

A recuperación da materia pendente seguirá o seguinte protocolo:

1. Os alumnos e as alumnas coa materia pendente de anos anteriores poderán optar por realizar as tarefas indicadas durante os dous primeiros trimestres do curso que, unha vez superadas, significarán a súa avaliación positiva na convocatoria ordinaria de xuño.
2. O alumnado coa materia pendente que non conseguise recuperala polo sistema indicado no apartado anterior pode optar por presentarse a un único exame de todo o curso no mes de maio, nunha data que se indicará no seu momento. A avaliación positiva neste exame suporá a superación da materia na convocatoria ordinaria de xuño. A fin de dar resposta ás necesidades deste alumnado, existe un Plan de Reforzo para Alumnado Pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto á atención á diversidade, o Departamento de Lingua Galega e Literatura é un dos máis implicados, dado o carácter instrumental das materias que imparte, na estruturación deste tipo de medidas. Algunhas xa se comentaron ao tratar a avaliación inicial ou avaliación de diagnóstico, como formas de tratamento individualizado que parten dos datos achegados nese momento e do que consta no historial académico de cada alumno e cada alumna.

Á parte das medidas citadas neste apartado, a atención á diversidade será un enfoque permanente na actividade das aulas da materia. O profesorado do departamento adoptará sempre unha posición activa perante o seu labor nas clases, apoiará no seu traballo ao alumnado con máis necesidades e atenderá aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

A este respecto, debemos citar o alumnado que está diagnosticado de trastornos como o TDAH: no nivel en que estamos xa contabamos con algúns casos detectados en cursos anteriores; con eles e elas seguiranse os protocolos indicados polo Departamento de Orientación. Tamén contamos cun Plan individualizado para alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso, do que xa falamos ao describirmos as actuacións derivadas da avaliación inicial. En terceiro se secundaria obrigatoria temos varios casos, dos que faremos o seguimento en colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Orientación da conduta cara a valores democráticos e éticos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico	X	X	X	X
ET.5 - Orientación da conduta cara a valores democráticos e éticos	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X

Observacións:

A partir da literatura pedagóxica, consideramos os elementos transversais como contidos que, aínda que non figuren redactados de modo literal en determinados currículos, forman parte de todos a un tempo e trabállanse como conceptos que estarán presentes de xeito continuo nas actividades de ensino e aprendizaxe.

Algúns dos elementos ou contidos transversais que define a lexislación educativa vixente xa figuran nos contidos propios desta materia, Lingua Galega e Literatura, e contan con seus criterios de avaliación asociados. Mais, en conxunto, son elementos que cómpre observar acotío en todos currículos de todas as materias, de maneira que actuarán como referencias na práctica docente diaria.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a competencia dixital aparecen frecuentemente como contidos das secuencias didácticas de calquera materia, tamén da nosa. A igualdade de xénero é unha achega recente ao ámbito do ensino, xa conta con plans específicos e materia propia nalgúns centros, como no noso caso, e inclúese como formación universal para todo o profesorado. Así, as ideas, actitudes e procedementos referidos á igualdade aparecerán no labor cotián de profesores e profesoras e na organización dos propios centros.

Os restantes elementos transversais relaciónanse coa vida en sociedade e cos valores cívicos e éticos: fomento da creatividade e espírito crítico, emprendemento social, orientación da conduta cara a valores democráticos e éticos, educación emocional e en valores. Como nos casos anteriores, é lóxico que se traten na exposición e explicación do resto dos contidos curriculares.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sesión de narración oral para alumnado de secundaria obrigatoria	Actividade de narración oral como método distinto para achegármonos a contidos do currículo.	X	X	X
Visita didáctica á Casa Museo Rosalía de Castro en Padrón (Casa da Matanza)	Actividade para coñecermos dun modo alternativo a vida e obra de Rosalía de Castro.		X	
Saída didáctica á Casa dos Poetas (Celanova) e Fundación Vicente Risco (Allariz)	Actividade para ver dun xeito distinto aspectos da vida e obra de Manuel Curros e Vicente Risco.			X
(Posible) Asistencia a representacións teatrais ou proxeccións cinematográficas no Auditorio de Padrón ou noutros da zona	Actividade para achegármonos a aspectos lingüísticos, literarios ou históricos relacionados co currículo.	X	X	X
(Posible) Encontros con escritores e escritoras, en colaboración co EDLG e con Vicedirección	Actividade para falarmos con autores e autoras sobre algún dos seus títulos ou sobre a obra en xeral.	X	X	X
(Posible) Outras actividades: en colaboración co EDLG, co Equipo de Biblioteca ou con Vicedirección	Actividades que incidan no currículo da materia, en especial as relativas a contidos de lingua e literatura.			X

Observacións:

As tres primeiras actividades descritas neste apartado corresponderíanse coas tres primeiras avaliacións, isto é, en cada trimestre realizaríase unha desas actividades.

As actividades que figuran a continuación e que se definen como "posibles" non están pechadas aínda, pero tendo en conta as actuacións do centro en cursos pasados considérase que se executarán. Dependerán da adaptación das candidaturas que se propoñan ao transcurso da programación académica.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Realízase un seguimento da programación didáctica.

2. Hai coordinación no desenvolvemento da programación.
3. Os criterios de cualificación son axeitados e están formulados claramente.
4. Os contidos son axeitados e desenvólvense adecuadamente.
5. Alcánzanse os obxectivos previstos.
6. Propóñense diferentes instrumentos de avaliación (exames, traballos, exposicións, etc.).
7. Respectouse a distribución temporal de contidos e actividades.
8. Realízanse explicacións e aténdense dúbidas.
9. Desenvólvense actividades e tarefas de progresiva dificultade.
10. Realízase programación de aula.
11. Lévese control da asistencia.
12. Prográmase a avaliación inicial.
13. Prográmanse actividades complementarias e extraescolares.
14. Hai coordinación co profesorado titor.
15. Hai coordinación entre o profesorado do departamento.
16. Aténdese a diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.
17. Hai acordos no departamento en canto á metodoloxía a desenvolver.
18. Infórmase ás familias.
19. Hai correspondencia dos materiais empregados coa programación didáctica.
20. Os recursos son compartidos e elaborados colaborativamente.
21. Integráronse as TIC e os medios audiovisuais.
22. Trátanse os temas transversais.
23. Aproveítanse didacticamente espazos do centro como a biblioteca, o laboratorio, o patio etc.

Descrición:

Como recolle a lexislación vixente, o profesorado ten que avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que se establecen indicadores de logro nas programacións didácticas.

Os diferentes departamentos do centro en que nos situamos integran unha táboa única para todos. Este sistema foi madurado en CCP e aprobado polo claustro de profesorado do IES Camilo José Cela durante o curso 2017-2018. Mediante esta táboa, realízase unha avaliación da práctica docente por parte dos membros de cada departamento e servirá como instrumento de posta en común co resto do profesorado e dos departamentos. A táboa reflicte os indicadores que aparecen na lista anterior. Para cada un deles habería que considerar tres niveis de consecución: alto, medio e baixo. Ademais, a táboa conta cun apartado de observacións e propostas de mellora para cada indicador.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A xefatura do Departamento de Lingua Galega e Literatura do centro establece, ao longo do curso e dentro do seu calendario de reunións, varias sesións de control do desenvolvemento da programación, como mínimo unha cada trimestre. Nestas reunións abórdanse os seguintes aspectos:

- Correcta temporalización e secuenciación de contidos.
- Criterios de avaliación adecuadamente tratados e avaliados.
- Grao de consecución de mínimos esixibles, suficiente ou excesivo.
- Procedementos e instrumentos de avaliación axeitados e suficientes.

Ademais, cada docente achega ao final do curso un informe razoado do seu labor en que se dá conta dos resultados, a avaliación e o grao de adquisición das competencias clave nas materias e grupos que impartiu. No departamento realízase, ao final de cada curso e ao comezo do seguinte, unha análise de resultados e unha comparativa con anos anteriores, co fin de reflexionar e tirar conclusións da actividade xeral ao longo de todo o ano académico. Unha vez detectados os procesos que se poidan mellorar, inclúiranse as modificacións pertinentes durante o mes de setembro do curso seguinte na nova programación didáctica.

9. Outros apartados